

BOLETÍN DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DO CONCELLO DE BURELA

OUTRO ANO
MÁIS A NOSA
MOCIDADE
TAMÉN PON
O
SEU GRAN DE
AREA NO
PROBLEMA
DA
VIOLENCIA
DE XÉNERO



RELATOS GAÑADORES II CONCURSO MICRORRELATOS

25 de novembro de 2008



DECEMBRO 2009

Contido:

- *Un ano máis a nosa mocidade tamén pon o seu gran de area no problema da violencia de xénero.* 1
- *Educar en igualdade.* 2
- *Intercambia momentos a través do Banco de Tempo.* 3

DESCANSE EN PAZ

A SEÑORA
Dna. Carne Muíño Pereira

Faleceu o día 2 de novembro de 2008, aos 49 anos de idade, sen recibir os Santos Sacramentos, pois foi asasinada brutalmente, aínda que a versión oficial sexa a dun tráxico esvarón.

D.E.P.

O seu esposo, o que a levou ao nicho e aínda por riba ten a cara de facerlle unha esquelada; os seus fillos, Xoán e Sabela, que a escoitaban chorar e saloucar dende que teñen uso de razón, que sabían que a súa nai non caera e batera contra a porta, que coñecían a afección do pai polo alcohol e aínda así non denunciaron, e demais familia.

Rogan unha oración pola súa alma, aínda que deberían rogala pola do marido, e dan as máis expresivas grazas a cantas persoas se dignaron a asistir ao enterro, pero aínda así non se dignaron a apoiar á defunta na súa loita cotiá por sobrevivir, e aos que dunha maneira ou outra testemuñaron a súa condolencia, nun acto de repulsiva hipocresía.

POMPAS FÚNEBRES SAN XUDAS

Rebeca Sáez Soto
1º Premio




EDUCAR EN IGUALDADE




QUE SIGNIFICA EDUCAR EN IGUALDADE?



Educación en Igualdade significa abrir fronteiras para o futuro das novas xeracións, para que os mozos e mozas medren en iguais dereitos e deberes, e tamén en igualdade de oportunidades, igualdade de trato, igualdade de acceso aos recursos, igualdade de opcións para elixir o seu futuro profesional e persoal, igualdade á hora de realizar as tarefas domésticas,...



Na actualidade moitas destas decisións están determinadas por ser dun ou doutro sexo e pola educación que recibimos dende o momento mesmo do embarazo; pero isto podémolo desterrar se educamos os nosos fillos e fillas sabendo que as únicas diferenzas que hai entre eles son aquelas que determinan o seu sexo, pero non aquelas que determinan o seu xénero, xa que tratándose esta dunha construción cultural pode ser modificada ata chegar á tan ansiada IGUALDADE REAL entre mulleres e homes.



INTERCAMBIA MOMENTOS A TRAVÉS DO BANCO DE TEMPO

O Concello de Burela decidiu pór en marcha de novo o Banco municipal do Tempo, unha iniciativa impulsada dende a Consellería de Traballo e Benestar que consiste en ordenar a colaboración gratuíta entre veciños.



Os obxectivos principais deste servizo son os de mellorar a calidade de vida das persoas, promovendo a igualdade de xénero e favorecendo a conciliación da vida tanto persoal coma familiar.

É importante recordar que o Banco do Tempo é un proxecto que funciona sen ánimo de lucro, é un servizo totalmente gratuíto

Na actualidade o Banco do Tempo de Burela conta con 14 "socios/as" que se comprometen a realizar intercambios de actividades variadas entre eles/as mesmos/as; contamos cunha variada oferta de actividades como pasar recetas médicas, pasear

e acompañar a persoas maiores, coidar de xente enferma, cubrir solicitudes administrativas, pequenas reparacións domésticas, transportar a persoas que non teñan vehículo...; ademais diso tamén comparten actividades lúdicas como cursos de papiroflexia, aprender a facer surf, reiki, masaxes de dixito-puntura... Próximamente empezará un curso de informática básica que será impartido por un dos socios e, ó remate deste curso, comenzarán outros dous de ioga e reiki, todos eles impartidos por "socios/as"

Dende este servizo animamos a todos os veciños a participar na programación do Banco de Tempo: Todas as persoas temos cousas para ofrecer e pedir; calquera muller, home, maior ou mozo pódese inscribir no Banco do Tempo poñéndose en contacto co Concello de Burela ou a través do correo electrónico bancodotempo@burela.org.



BO NADAL E PRÓSPERO 2010



OS
NOSOS
MELLORES
DESEXOS
PARA O NOVO ANO
NO QUE SEGUIREMOS
NA PROCURA DA IGUALDADE



FELIZ
ANO
2010



Centro de
Información ás Mulleres
do Concello de Burela

*CIM DE BURELA:
doce anos na
procura da
igualdade!*



Casa do Concello, Eijo Garay, 20.
27880 Burela (Lugo)
Teléfono/fax: 982 58 06 09
Correo: cim@burela.org



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade